

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ó día 9 de novembro de 2020

Con data nove de novembro do ano dous mil vinte, ás dez horas e un minuto, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace call.lifesizecloud.com remitido coa convocatoria), co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

José Manuel Baltar Blanco.

Deputados/as:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Luz Doporto Real

D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 2 DE NOVIEMBRE DE 2020.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 2 de novembro de 2020.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 2 de novembro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN Á UNIVERSIDADE DE VIGO.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º) Ratifica-lo convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento de actividades de difusión cultural no Campus de Ourense correspondentes ó ano 2020.

2º) Aprobar unha subvención á Universidade de Vigo, nos seguintes termos:

-Importe: 220.000 euros.

-Obxecto: Desenvolvemento de actividades de difusión cultural no Campus de Ourense correspondentes ó ano 2020.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ó seu cargo o desempeño das funcións de intervención da entidade beneficiaria, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ó mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ó proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe da subvención concedida (220.000,00 euros), indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Relación das subvencións concedidas á entidade beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

5.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

6.- Que a entidade beneficiaria se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ó beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: Ata o 15 de decembro de 2020.

3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE LOBIOS PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS: De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Concederlle unha subvención nominativa ó Concello de Lobios, para a execución das obras de *acondicionamento de espazos públicos* , polo importe de 48.000,00 euros, coas seguintes condicións:

A contratación do investimento subvencionado será realizada directamente pola Deputación Provincial de Ourense, a través da súa Sección de Contratación. A subvención entenderase xustificada coa execución do seu obxecto pola Deputación.

A dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderalles ós técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras, así como controlar a súa correcta execución.

Unha vez concluída a execución da actuación subvencionada, comunicaráselle ó concello, para os efectos de que designe un representante que poida asistir ó acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ó concello beneficiario.

A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DA RÚA PARA OBRAS DE VIARIOS DE ACCESO, ACONDICIONAMENTO E SERVIZOS Ó NOVO CENTRO DE SAÚDE.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención ó Concello da Rúa de Valdeorras, nos seguintes termos:

-Importe: 130.000,00 €.

-Obxecto: Obras de viarios, de acceso, acondicionamento e servizos ó novo centro de saúde.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada. A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ó seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ó mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ó proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o 100% do importe do proxecto presentado (130.000,00 euros), indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ó ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ó remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme co artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ó beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 1 marzo de 2021.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

5.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

6.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Neste punto da orde do día, o presidente comunica que, a continuación, haberá unha rolda de prensa para informar sobre o Observatorio Económico de Ourense (iniciativa da Deputación Provincial de Ourense para a análise da situación socio-económica da provincia). Xunto co profesor Andrés Mazaira, presentarán o informe OE Ou sobre o impacto da crise económica derivada do COVID 19.

Agradece, así mesmo, as propostas presentadas polos distintos grupos políticos para o Pleno do debate do estado da provincia.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e catro minutos do referenciado día nove de novembro do ano dous mil vinte, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.